CENTRO DE LINGUAS
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

Centro de Linguas
Facultade de Filoloxía e Traducción
36310 Vigo

Tel.986 812 250
Fax.986 818 649

cdl.uvigo.es
centrodelinguas@fundacionuvigo.es

Curso de Introdución a Lingua e Cultura Persas 2A 1º C - 2016-2017

Información da convocatoria

Tipo	CURSO DE INTRODUCIÓN A LINGUA E CULTURA PERSA 2A
Código	V16.XT.PE.A21
Nome	Curso de Introdución a Lingua e Cultura Persas 2A 1º C
Curso académico	2016-2017
Nivel	ELEMENTAL
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	45.00

Descrición

Curso de lingua e cultura Persas. Impartido no **Campus de Vigo**

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	28/07/2016 - 25/09/2016
Período de docencia	29/09/2016 - 22/12/2016

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	45
Validación LE	2

Destinatarios

Público xeral maior de 16 anos interesado en aprender a lingua persa.

Calendario

Martes e xoves de 15.00 a 17.00 horas **(Aula a determinar)**

Programa

· Saudar, despedirse, pedir desculpas e pedir permiso. II

· Presentarse (nome, nacionalidade, profesión, idade). II

· Presentar a outra persoa e dar a benvida. II

· Preguntar e interesarse sobre algo ou alguén. II

· Informar de algo a alguén. II

· Relacións de parentesco. II

· Falar sobre un mesmo; falar sobre os demais, con estruturas máis avanzadas. Falar sobre persoas próximas, familiares e sobre acontecementos.

· Localizar lugares ou persoas no espazo. Indicar a distancia aproximada dun lugar a outro. II

· Expresar accións cotiás e interrogar sobre estas. II

· Expresar a posesión de obxectos. Dar e recibir obxectos, agasallos. II

· Contar, expresar cifras, datas, horas, número de obxectos. II

· Describir a existencia de persoas, obxectos nun lugar. Describir o propio lugar, obxecto ou a persoa con cualificativos máis avanzados. II

· Expresar accións que se realizan en tempo presente, que teñen continuidade. II

· Ofrecer información escrita sobre datos persoais, encher un formulario.

· Perfeccionar a aprendizaxe do alfabeto persa.

· Perfeccionar a pronuncia das vogais e consoantes.

· Escribir mensaxes e textos máis avanzados que supoñen completar o proceso de comunicación escrita.

· Usar un repertorio máis avanzado de léxico e de expresións relativas a situacións comunicativas.

· Poder establecer unha conversación máis fluída e avanzada en diferentes ocasións.

· O verbo «ser», «estar» e «ter». II

· Frases afirmativas, negativas e interrogativas. II

· A estrutura da frase. II

· Conxuncións e preposicións. II

· O xenitivo ou «ezfeh». II

· O verbo simple e composto. II

· Conxugación: presente do indicativo, pasado simple, imperativo, presente subxuntivo, pretérito perfecto.

· Números (cardinais e ordinais)

· O artigo indeterminado ou indefinido. II

· A marca de acusativo «r». II

· Os posesivos e os plurais. II

· Os verbos poder, querer e a expresión da obrigación.

· O condicional

· Participio pasado

· Sufixos nominais

· Adxectivos comparativos e superlativos

· Iniciar coa caligrafía persa

· Recibir información sobre a cultura persa (Literatura, Poesía, historia, Arte, Cinema, Música, sociedade actual, Vida cotiá)

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	60.00 €
Público en xeral	60.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución -

Cómo matricularse

Entra en http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a inscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés dúas posibilidades:

- Pago con tarxeta
- Transferencia ou ingreso en efectivo no **Banco Santander**:
  - Número de conta 0049 6141 98 2510007984
  - Código Swift: BSCHESMMXXX
  - IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condicións de acceso

Ter o certificado de nivel A1.2/A1 con data non superior a tres anos ou proba de nivel.
Data, lugar e hora da proba de nivel a determinar

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.

2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.

3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificados, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.

4.Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:

- Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
- Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

5. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.